

MEMORIA ANUAL DO COLEXIO OFICIAL
DE BIÓLOGOS DE GALICIA
ANO 2015



1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.

1. Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:

- **Proxecto de lei do emprego público de Galicia (23 de xaneiro).** Na súa Disposición adicional oitava establecía as titulacións requiridas para acceder ás diferentes escalas do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia. Visto que en cada unha delas esixíase a titulación correspondente (que da título á escala) e que para a de Biólogos o proxecto permitía acceder a calquera titulado na rama de ciencias (ata 25 diferentes), enviáronse aos grupos parlamentarios as consideracións pertinentes ao respecto solicitándolles que as asumiran e as incorporasen ás súas propias emendas no trámite parlamentario. É dicir, que para a Escala de Biólogos se accederá só coa titulación en Bioloxía.

- **Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 2 (12 de febreiro).** O Decano do Colexio, D. José Pelayo Míguez e o asesor xurídico, D. Fernando Escariz, mantiveron unha entrevista co Grupo Parlamentario Popular do Parlamento de Galicia, representado por D. Pedro Puy e D^a Paula Prado, para contrastar os argumentos de cada parte en relación coa pretensión da Administración autonómica de que á escala de biólogos poidera acceder calquera titulado da rama de ciencias.

- **Situación ambiental en Galicia (13 de febreiro).** Despois de ser examinada pola Comisión do Sector Ambiental nunha reunión celebrada en decembro de 2014, elaborouse un documento coas conclusións, que pode consultarse [aquí](#) e que foi posto en coñecemento das consellerías de Medio Ambiente, T. e I., do Medio Rural e do Mar e de Economía e Industria, solicitando ao mesmo tempo unha entrevista cos seus titulares en relación cos feitos e consecuencias que se relacionan no devandito documento.

- **Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 3 (17 de febreiro).** O decano do Colexio e o asesor xurídico mantiveron unha entrevista coa Conselleira do Medio Rural e do Mar, D^a Rosa Quintana e a Secretaria Xeral Técnica, D^a M^a Isabel Concheiro, onde se lles expuxeron as razóns para que á escala de biólogos da Administración especial da Xunta de Galicia accederan só os titulados en Bioloxía.

- **Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 4 (20 de febreiro).** Entrevista co D.X. de Función Pública, D. José María Barreiro á que asistiron o Decano e o Asesor Xurídico, reiterando os argumentos xa expostos.

- **Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 5 (28 de febreiro).** O Colexio informa aos grupos parlamentarios da cámara galega da súa adhesión a unha alegación presentada anteriormente por un particular no sentido de incluír a titulación de Bioloxía para as especialidades de Seguridade Laboral, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, solicitándolles que a asuman e a incorporen ás súas propias emendas no trámite parlamentario.

- **Situación ambiental en Galicia- 2 (28 de febreiro).** O documento elaborado pola Comisión do Sector Ambiental envíase ao Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, solicitándolle que dito organismo "promova a aplicación rigorosa da lexislación vixente na materia por parte dos concellos do noso país no ámbito das súas competencias" e unha entrevista para tratar deste asunto directamente.

- **Situación ambiental en Galicia- 3 (2 de marzo).** Entrevista co Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo, en quen delegou o Conselleiro de Economía e Industria. O Decano e D. Xabier Vázquez, membro da Comisión que elaborou o informe, explicáronlle polo miúdo a nosa perspectiva. O D. X. solicitou a colaboración do Colexio para mellorar a calidade dos estudos de seguimento e vixilancia ambientais.

- **Relación de Postos de Traballo Consellería de Medio Ambiente, T. e I. (11 de marzo).** Estábase negociando nese momento e advertido que varias prazas poderían ser desempeñadas por biólogos, mantívose unha reunión co Subdirector Xeral de Conservación, o Vicesecretario Xeral e a Subdirectora de Persoal á que asistiron o Decano, o asesor xurídico e D^a Beatriz Asorey, membro da Comisión do Sector Ambiental. Por parte da Administración solicitouse información adicional para aportar como xustificación das nosas reivindicacións.

- **Relación de Postos de Traballo Consellería de Medio Ambiente, T. e I. -2 (17 de marzo).** Dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería, entregouse no Rexistro Xeral da Xunta o documento onde se realiza a análise das prazas dos corpos especiais, grupo A1 da RPT da CMATI: o listado con aquelas que teñen relación tanto coa titulación de Bioloxía coma cos temarios que a Xunta de Galicia elabora para o acceso ás prazas da escala de biólogos e a documentación xustificativa da correspondencia destas prazas coa nosa titulación. Ao non ter resposta, o 5 de maio reenvióuselle ao Presidente da Xunta.

- **Relación de Postos de Traballo Consellería de Medio Ambiente, T. e I. -3 (5 de maio).** O documento anterior envíase ao Presidente da Xunta de Galicia, para que inste do departamento correspondente unha resposta axeitada.

- **Guía para mellorar a avaliación e vixilancia de impactos ambientais pola Administración competente (5 de xuño).** A Comisión do Sector Ambiental do Colexio examinou a situación do medio ambiente da nosa Comunidade e as conclusións plasmáronse nun documento que se fixo chegar ás administracións autonómicas concernidas. Nunha entrevista co Sr. Director Xeral de Enerxía e Minas, en quen delegou o Conselleiro de Economía e Industria, explicóuselle con todo detalle dita situación: desde a estrita degradación ambiental observada ata a perda de postos de traballo relacionados coas vixilancias e seguimentos ambientais de infraestruturas e a precariedade dos que aínda resisten.

Froito da reunión foi o compromiso de elaborar un texto cos aspectos máis importantes a ter en conta polo persoal ao servizo da Administración que debe examinar os estudos de impacto ambiental e os documentos de vixilancia ambiental, que revelen que cumpren efectivamente co propósito para o que son elaborados e non son un requisito ou trámite meramente formal.

Este texto foi enviado ás instancias competentes na materia no nivel autonómico coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente e incidían no coñecemento da lexislación (especialmente da conservación da biodiversidade) e nas características dos estudos de impacto ambiental (calendario de resultados previos, traballo de campo, metodoloxía de prospección empregada, consulta das propostas dos plans de recuperación de especies ameazadas, planimetrías axeitadas, cumprimento estrito dos plans de vixilancia tal como foron aprobados, esixencia de profesionais capacitados para asinalos, etc.).

- **Entrevista coa Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.** O 15 de xuño, o Decano do Colexio e dous membros da Comisión do Sector Ambiental, D. Carlos Rodríguez e D. Xabier Vázquez reuníronse con D^a Ethel Vázquez e co Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, D. Justo de Benito. Presentáronlles as nosas reivindicacións plasmadas nos documentos previamente enviados: a situación actual dos estudos ambientais en Galicia e a Guía para mellorar a avaliación e vixilancia de impactos ambientais pola Administración competente. Así mesmo, incidiron na necesidade de considerar de novo os plans de recuperación e conservación das especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Este conxunto de actuacións continuaría cunha entrevista con D^a Verónica Tellado, Directora Xeral de Conservación da Natureza.

- **Entrevista coa Directora Xeral de Conservación da Natureza (16 de xullo).** Participaron nela a Vogal da Xunta de Goberno D^a Mercedes Casal e os colexiados D. Xabier Vázquez e D. Carlos Rodríguez. Informóuselle das reunións mantidas coas instancias anteriores e dos escritos pertinentes enviados. Respecto do desamparo observado en relación coa protección ambiental en Galicia, manifestou que se cumpren todas as medidas observadas na lexislación vixente. En canto ao catálogo de especies ameazadas, informou que están considerando a posibilidade de desenvolverlo por grupos de especies, xa que son moitas as involucradas. En xeral, xustificou o bo facer da Administración galega en materia de medio ambiente.

- **A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela** convocou, o 17 de agosto, unha praza de vinculación temporal na categoría de Facultativo especialista de Microbioloxía e Parasitoloxía. Nos requisitos de titulación pedíase: "Titulación.- Posuir a titulación de Licenciado ou Doutor en medicina e Cirurxía, así como a especialidade reflectida na Base Primeira, en función da praza á que se opta". Remitímoslle un escrito á citada Xerencia no que lle lembramos que a especialidade de Microbioloxía e Parasitoloxía é multiprofesional e os biólogos poden acceder a ela. Así pois, solicitamos a modificación dos termos da convocatoria no sentido indicado "Titulación.- Posuir a titulación de Licenciado ou Doutor, así como a especialidade reflectida na Base Primeira, en función da praza á que se opta". Con data de 20 de agosto a XXI de Santiago remitenos a corrección de erros na que se inclúe a titulación de bioloxía (entre outras).

- **Instituto Galego da Calidade Alimentaria (4 de setembro)** O INGACAL convocou proceso selectivo para a contratación dun técnico para o proxecto VITIS EUROPA. Dado que entre as titulacións requiridas non figura a de Bioloxía, envióuselle con esa data escrito ao Sr. Director, solicitándolle a modificación das bases en tal sentido.

2. Alegacións presentadas

O Colexio expresa a súa opinión técnico-científica acerca dos asuntos da súa competencia e os relacionados coas actividades que realizan os biólogos.

- **Proxecto de Lei do Emprego Público de Galicia-1.** Enviáronse alegacións en relación coa Disposición adicional oitava aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia (23 de xaneiro) e á Conselleira do Medio Rural e do Mar.

- **Proxecto de Lei do Emprego Público de Galicia-2.** Adhesión ás presentadas por un particular no sentido de incluír a titulación de Bioloxía para as especialidades de Seguridade Laboral, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada (27 de febreiro).

- **Relación de Postos de Traballo da CMATI.** Análise das prazas dos corpos especiais, grupo A1 e listado das que teñen relación coa titulación de biólogo e cos temarios elaborados pola Xunta de Galicia para acceso ás prazas da escala de biólogos (17 de marzo).

- **Anteprojecto de Decreto polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia** (21 de abril). As alegacións presentadas refírense ao exceso de contidos en relación á asignación horaria; a existencia de probas externas “reválidas” para as que os docentes terán que explicar todos os temas; carencia de medios materiais e humanos. En consecuencia, a aprendizaxe das Ciencias convertírase en algo memorístico a través de clases maxistras, onde a misión fundamental do profesorado será explicar a toda velocidade os conceptos requiridos. E no referido a Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, cunha temática moi globalizadora que explica moitos problemas globais que está sufrindo o noso planeta, o currículo desplázaa á categoría de “optativa” o que implica que moitos centros non poidan ou non queren ofertala e podería acabar por desaparecer da súa oferta.

3. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

- **Comisi3n Sector Ambiental.** O 13 de marzo reun3ronse varios dos seus integrantes para preparar o documento a enviar ao Director Xeral de Industria, comprometido na reuni3n mantida con 3l, Gu3a para mellorar a avaliaci3n e vixilancia de impactos ambientais pola Administraci3n competente. O 15 de xu3no, con id3ntico motivo, en relaci3n coa entrevista a manter coa Directora Xeral de Conservaci3n da Natureza.
- **Plantas invasoras.** A Vogal Mercedes Casal reuniuse cos colexiados D. Jorge Mouri3o e D. Jes3s Santamarina (en representaci3n da D. X. de Conservaci3n da Natureza) como toma de contacto para a preparaci3n dun curso sobre plantas invasoras o d3a 28 de xaneiro.

4. Actividades de formación e xornadas técnicas.

Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

- **Curso Teleformación: Iniciación ao Análise Espacial mediante os Sistemas de Información Xeográfica QGIS e GRASS.** Celebrouse ao longo do ano cun total de 7 alumnos.

- **Xornada sobre etiquetado dos produtos pesqueiros: Información ao consumidor *versus* trazabilidade.** O Colexio, coa colaboración da Xunta de Galicia, organizou o 8 de maio, no Pazo de San Roque de Santiago, unha sesión baixo este título. A importancia e actualidade das recentes normas que regulaban estes aspectos do sector da comercialización e transformación destes produtos, tan importante social e economicamente na nosa Comunidade, xustificaron a súa celebración. A xornada estruturouse en senllas mesas redondas sobre etiquetado e trazabilidade de produtos frescos e transformados e foi inaugurada polo Sr. Secretario Xeral do Mar, D. Juan Carlos Maneiro. Entre os ponentes figuraron técnicos dos servizos de inspección e de análise e rexistros da Consellería do Medio Rural e do Mar, de confrarías de pescadores, da Secretaría General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do Instituto Galego de Consumo e de ANFACO. Na Xornada participaron 61 persoas, entre eles técnicos da Administración, de Confrarías de pescadores, do sector transformador e da consultoría alimentaria.

5. Bolsa de Empleo.

Enviáronse 46 ofertas específicas: bolsas formativas do IGAPE, control de calidade pescadería, comercial para empresa veterinaria, bolsas da Fundación Biodiversidad, técnico de I+D+i y Calidad, bolsas da Organización Nacional de Transplantes, Programa Ben Empregado Diputación de Lugo, docentes para industria alimentaria, departamento de I+D de empresa farmacéutica, Promotor para centro de investigación marina, formador en acuicultura, visitador médico, medical scientific liaison, bolsas para a Estación Fitopatolóxica do Areeiro, expertos en herpetoloxía, experto senior en seguridade alimentaria, calidade e inocuidade, tese doutoramento sobre estudo do pole e as alerxias, monitores tempo libre, técnico comercial xenómica, docentes actividades vixilancia ambiental, autorización ambiental integrada, eficiencia enerxética, uso público en espacios naturais protexidos, tese doutoramento sobre mecanismos patoxénicos en enfermidades reumáticas, contrato predoutoral para proxecto sobre turbeiras de cobertor ante o cambio climático, docente para operacións de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagación de Legionella, veedores de vendima, bolsa FEUGA departamento calidade empresa distribución alimentaria, 5 prazas de investigador para fundación biomédica, docente para servizos para o control de pragas, facultativo especialista de Microbioloxía e Parasitoloxía (vinculación temporal), departamento de I+D+i empresa sector alimentación, tese doutoramento no ámbito da contaminación mariña, 3 key-experts para proxecto NATURA 2000 en Macedonia, titulado superior para análise de datos proxecto obesidade, recuperación de solos, formador fitosanitario, facultativos especialistas (varias especialidades, vinculación temporal), Escala Científicos Titulares de OO. PP. de Investigación, comercial proxectos de cooperación, facultativos especialistas (2 especialidades, vinculación temporal), experto para inventario de liques sobre especies arbóreas, experto para estudo de flora e fauna no río Miño, facultativo especialista en Huesca, biólogo para empresa consultora en seguridade alimentaria e calidade, coordinador centro educación ambiental, guías para semana da ciencia, docente para xestión de servizos para o control de organismos nocivos, I+D+i para mellora e conservación de recursos xenéticos do gando frisón.

6. Servizo de información.

6.1. NOVAS COBGA. En 2015 o boletín informativo mensual mantivo as súas 12 edicións que foron colocándose puntualmente na primeira semana de cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados e cunha media de 30 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa, Emprego, Bolsas, axudas e subvencións, Premios, Actividades de formación, Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas..., Recursos na Rede, Varios, Ofertas a colexiadas/os, Lexislación.

6.2. NOVAS Semanais. Os venres envíase esta folia informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 40 edicións. Ademais, os mércores hai un avance chamado PRENOVAS.

6.3. Páxina web. Visitas en 2015: 94.252. Directorio, 12.808. *NOVAS COBGA e NOVAS Semana*, 36.208 (diferentes seccións).



6.4. Redes Sociais.



- Facebook: Publicacións: 261. "Me Gusta" na Páxina: 851. Alcance: 108.577. Clics nas publicacións: 3.049. Reaccións, comentarios e veces que se ten compartido: 4.566.



- Twitter: 424 tuits. 103.817 Impresións de Tweets. 4.059 Visitas ao perfil. 68 Mencións. 403 novos seguidores.



- LinkedIn: 1.005 contactos.



- Google+: 195 publicacións; 127 "+1" nas nosas publicacións; 4 comentarios; 12 publicacións compartidas.

7. Outros servizos colexiais.

En 2015 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

7.1. bens e servizos: Hotel Montenegro***, Hotel Los Abetos****, Hoteles Culturales Temáticos, San Francisco Hotel Monumento****, OCA Termal Hotels, Pousadas de Compostela, Eurostars Hotels (Gran Hotel La Toja*****, Isla de La Toja****), Hotel Real, Hotel Torre do Deza & SPA****, Gran Hotel La Toja*****, Paradores, Hotel Louxo-La Toja****, Hotel Vía Argentum Adeslas Segurcaixa, AEGON Seguros, Victoria Terán-Generali Seguros, ASISA, Campus Stellae, Terra Firme, Prodasva Consultoría y Gestión (protección de datos), ASPY Prevención, Solid Forest, NorCenter, Tienda Sitio-Distinto, Mercatinta-Vigo, Escuela Infantil Plurilingüe Agasalle, Escuelas Infantiles PSN BICOS, Bodegas Valdamor, A Cesta da Saúde, Meraknautica, O Boi do Baladoiro, COAGA Correduría de Seguros, Editorial Hélice, Musgo Aventura, Tus Casas Rurales, CIBERVIAXES, Eloymar Tranvías.

7.2. actividades de formación (matrícula): Escuela de Negocios Caixanova, Escuela Europea de Negocios, Depto. Toxicología y Legislación Sanitaria Fac. Medicina UCM, IVI Vigo, OELS Official English Language School, IDEA Educación Integral, La Academia, <http://www.preparador-opos-biogeo.es/>, AIDICS, Estandar Gestión Alimentaria, SGS, FEUGA, GENYCA Innova, MCA Formación on line, Transmitting Science/Institut Catalá de Paleontologia Miquel Crusafont, Instituto Madrileño de Formación, IMASGAL, Beacon Biomedicine, Deica IT, Centro de Áreas de Formación, ANTEGA, Unidade de Coordinación de Laboratorios UDC, Art With Future y Fran Lorenzo, Sanea Control, Genforen, IMAGEMASTER, Aula Estudio, E-learning Forest, Cursos Coaching UDC, Centro de Estudios Colegiales del Colegio de Médicos de Barcelona, Inbiogal, Ambientum Formación.

7.3. Ferrer & Asociados (Póliza seguro responsabilidade civil).

8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.

- Día do Biólogo [\[nota\]](#) [\[referencias na prensa\]](#)



- No Día Mundial do Medio Ambiente o Colexio de Biólogos de Galicia aposta por mellorar a calidade da avaliación e vixilancia de impactos ambientais [05/06/15] [\[nota\]](#)



- X Olimpiada de Biología - Fase Galega. Celébrase o día 16 de xaneiro na Facultade de Biología da Universidade de Vigo [\[nota\]](#) [\[referencias na prensa\]](#)

9. Participacións do COBGA.

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

9.1. Presentación da Guía de Peritos Judiciais da Unión Profesional de Galicia. O acto

celebrouse o 9 de marzo en Santiago (EGAP) e o Colexio estivo representado polo Decano.



9.2. Xornadas formativas: as actividades profesionais dos biólogos.



- O 20 de abril tivo lugar na Facultade de Bioloxía da UVIGO e contou coa presenza de D. Jesús M. Míguez Miramontes, Decano da Facultade e D. José Pelayo Míguez Baños, Decano do Colexio. Participaron como poñentes D^a Maruxa Álvarez, Profesora da UVIGO e Promotora de QualDIMUS; D^a Patricia Casal, Consultora de Proxectos en HIDRIA Ciencia, Ambiente y Desarrollo, S.L. e D. Manuel Fco. Otero, Facultativo Especialista en Bioquímica Clínica Povisa. Investigador Rio Hortega. Asistiron 10 alumnos.

- O 24 de abril celebrouse na Facultade de Ciencias da UDC e contou coa presenza de D. Andrés Martínez, Vicedecano da Facultade e D. José Pelayo Míguez, Decano do Colexio. Os poñentes foron D^a Iria Martínez, Co-directora do Laboratorio de Fecundación in vitro da Unidade de Reprodución Asistida de La Rosaleda (IRAGA); D. Carlos Rodríguez, Consultor ambiental (Emberiza Medioambiente); D. David Velasco, Facultativo Especialista de Microbioloxía e Parasitoloxía, Área de X.I. (A Coruña) e D. Joaquín Vierna, General Manager de AllGenetics. Foron 11 os alumnos asistentes.



9.3. Actos de licenciatura e graduación

- Acto graduación Bioloxía Universidade de Santiago. Celebrado o 13 de xuño coa asistencia do Decano.
- Acto graduación Terceira Promoción Grao Bioloxía da Universidade de Vigo. Celebrouse o 19 de xuño e asistiu o Decano.
- Acto graduación Bioloxía Universidade da Coruña. Celebrado o 19 de xuño coa asistencia da Vogal Mercedes Casal.

10. Varios.

- **Reunión con D. Manuel Corredoira, Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.** Tivo lugar o 6 de febreiro en Santiago para tratar sobre a celebración da fase nacional da Olimpiada de Bioloxía en Vigo en 2016. Asistiron D. Jesús Míguez, Decano da Facultade, D. Pedro Nozal da OEB e D. Pablo Fernandes en representación do Colexio. O D. X. comprometeuse a colaborar no posible na organización do evento.

- O 15 de marzo en León, o Decano do Colexio e o da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo **recolleron o testigo dos organizadores da Fase Nacional da Olimpiada de Bioloxía 2015**, celebrada do 12 ao 15 de marzo.

- **Día do Biólogo.** Celebrouse o 15 de maio no Pazo de Adrán e na cita, foron homenaxeados especialmente aqueles colexiados que levan 25 anos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa ininterrompida pertencencia a él. Este ano a distinción de Biólogo do Ano foi para D. Xosé Manoel Romarís, que desenvolveu toda a súa actividade profesional na Administración marítimo-pesqueira e marisqueira ocupando diversos cargos de responsabilidade, pola súa disposición a favor das reivindicacións do colectivo e a de Empresa do Ano para FEIRACO Sociedade Cooperativa Galega en atención ao seu impulso á gandería, explotación e transformación láctea dunha importante área de Galicia, implicando a moitos gandeiros galegos, apostando pola sustentabilidade e favorecendo a profesión ao admitir alumnos de Bioloxía en prácticas e contar con biólogos en plantilla. Así mesmo, D. Amancio Landín, no seu momento Conselleiro de Pesca, foi nomeado Membro de Honra, por ter contribuído notoriamente ao desenvolvemento da profesión de biólogo, creando a Delegación de Galicia do Colegio Oficial de Biólogos, impulsando a profesión e a colexiación na nosa Comunidade e establecendo as bases do que é o Colexio actual. [\[ver fotos\]](#)



- O Pleno do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos (CGCOB) celebrado en Madrid o 11 de xuño, acordou o nomeamento do Decano do COBGA como o seu representante no Pleno do Consejo Nacional de Especialidades en Ciencias de la Salud, o que supón un respaldo á importancia do COBGA na organización colexial dos biólogos de España.



- Reunión co Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, o día 19 de outubro para presentarlle a Olimpíada Nacional de Bioloxía. O alcalde comprometeu o apoio do goberno local á organización do evento.

- O Colexio, previa consulta á Comisión do Sector Ambiental, o 18 de novembro adheriuse ao "**Manifiesto en Defensa de las Directivas de Conservación de la Naturaleza**", promovido por Ecologistas en Acción, SEO/BirdLife e WWF España contra os plans da UE de modificar as directivas de aves e de hábitats actualmente vixentes que teñen permitido a protección da natureza e o cumprimento dos obxectivos de conservación da biodiversidade na Unión Europea. [\[Manifiesto\]](#) [\[Carta Ministra\]](#)

- **Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)**. O 6 de febreiro envíanse ás delegacións territoriais o listado de colexiados dispostos a actuar como peritos terceiros nas taxacións periciais contraditorias.

- **Felicitacións a novos membros do Goberno de Galicia**. O 13 de febreiro comunicamos os nosos desexos de éxito a D. Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e O. U., e a D. Valeriano Martínez, de Facenda.

- **ATRIGA**. Nun escrito de 18 de marzo, suxírenselle varias accións para facilitar o trámite de envío do listado de peritos terceiros: Ampliación do prazo de resposta; Delimitación dos asuntos susceptibles de ser peritados por cada profesión, Habilitar medios telemáticos usuais; Suscribir convenio coa Unión Profesional de Galicia, que xa elabora un listado de peritos xudiciais, para non duplicar os esforzos e optimizar os recursos de tempo e económicos dos que dispoñemos

MEMORIA ANUAL ANO 2015

- **Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública.** Asinado o 9 de setembro.
- **Felicitación ao profesor Ángel Carracedo** o 18 de setembro, pola concesión do Premio Nacional de Xenética 2015 pola Sociedade Española de Xenética.
- **Felicitación a novos membros do Goberno de Galicia** (9 de outubro). Comunicamos os nosos parabéns a D^a Beatriz Mato, conselleira de Medio Ambiente e de O. T., a D^a Ethel Vázquez, de Infraestruturas e Vivenda, a D^a Ángeles Vázquez, do Medio Rural, a D^a Rosa Quintana, do Mar, a D. Francisco José Conde, de Economía, Emprego e Industria, a D. Jesús Vázquez, de Sanidade e a D. José Manuel Rey, de Política Social.
- **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia**, Sala Contencioso-Administrativo. Envíase o 16 de novembro, segundo petición, listado de colexiados dispostos a participar como peritos xudiciais.
- **Felicitación novo Presidente Colegio de Médicos de A Coruña.** O 17 de novembro envíase carta a D. Luciano Vidán.
- **Unión Profesional de Galicia.** O 30 de novembro remítese listado actualizado de colexiados para confeccionar a Guía de Peritos Judiciales 2016.
- **Felicitación novo Reitor da Universidade da Coruña.** O 9 de decembro envíase escrito desexándolle éxito ao profesor D. Julio Abalde e ao seu equipo.
- **Preparación Olimpíada Galega de Bioloxía.** Foron dúas as reunións para elaborar as preguntas teóricas e prácticas: Videoconferencia o 5 de novembro e presencial o 16 de abril.

11. Reunións do COBGA.

MEMORIA ANUAL AÑO 2015

Reunión Xunta de Goberno

10/04/2015

Reunión Xunta Xeral Ordinaria

30/04/2015

12. Percepcións membros Xunta de Goberno.

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraxa, dietas ou aloxamento.

- José Pelayo Míguez Baños (decano). Gastos de viaxe e representación reunións pleno e permanente Consejo General de Colegios de Biólogos, xornadas de actividades profesionais, actos de graduación, olimpiada de Bioloxía, etc. 2.125,40 €
- José Antonio Fernández Bouzas (vicedecano). Reunión comisión medio ambiente e pleno Consejo General. 258,20 €
- José M. Martínez Yriarte (vogal). Reunión comisión intrusismo UPG. 51,90 €
- Mercedes Casal Jiménez (vogal). Reunión D. Xeral Conservación Natureza. 5,00 €

13. Informe anual de xestión económica.

MEMORIA ANUAL AÑO 2015

- Froito dun acordo cos traballadores, os seus salarios foron os mesmos que en 2014, 2013 e 2012.

Ver documento específico (Balance de situación pasivo y activo, Cuenta de resultados pérdidas-ganancias).

Balance de Situación

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA

Período: de Enero a Diciembre

Fecha: 29/02/2016

Activo	2015	2014	2013
A) ACTIVO NO CORRIENTE	388.884,30	397.581,70	405.207,66
III. Inmovilizado material	388.884,30	397.581,70	405.207,66
21100001 LOCAL 4-5 A PZAS 60-61-62-63	412.303,17	412.303,17	412.303,17
21300001 KONICA MINOLTA MULTIFUNCION	1.852,72	1.852,72	1.852,72
21300002 PROYECTOR-PANTALLA	1.081,27	1.081,27	1.081,27
21300003 MONITOR BENQ 21.5"	139,95	139,95	139,95
21300004 CABLE+RATON	44,90	44,90	44,90
21500001 INSTALACION ESTANTERIAS	1.990,12	1.990,12	1.990,12
21500002 INSTALACION ALARMA SEGURIDAD	698,56	698,56	698,56
21600001 MOBILIARIO OFICINAS	15.797,79	15.797,79	15.797,79
21600002 2 ENROLLABLES VENTANALES	580,46	580,46	580,46
21600003 TELEFONO SPCTELECOM 3803	110,85	110,85	0
21700001 2 ORD SOBREMESA HP PA VILION	998,00	998,00	998,00
21700002 ORDENADOR PORTATIL SONY VAIO	799,00	799,00	799,00
21700003 MONITOR ORD COMPAQ WF1907V	189,00	189,00	189,00
21700004 MALETIN PORTATIL TECHAIR	34,90	34,90	34,90
21700005 CAMARA EOS 700+TARJ. MEMORIA	717,50	717,50	0
21700006 MICROFONO+TRIPODE	139,31	139,31	0
21700007 TECLADO LOGITECH	12,95	12,95	0
28110001 AMORT.ACUMUL.LOCAL 4-5 A PZAS	-34.328,49	-28.143,94	-21.959,39
28130001 AMORT.ACUMUL.KONICA MINOLTA MU	-962,73	-727,21	-491,69
28130002 AMORT.ACUMUL.PROYECTOR-PANTALL	-689,27	-559,52	-429,77
28130003 AMORT ACUM MONITOR BENQ 21 5	-71,01	-43,02	-15,03
28130004 AMORT ACUM CABLE+RATON	-24,24	-13,01	-1,78
28150001 AMORT ACUM INSTAL ESTANTERIAS	-1.034,85	-835,84	-636,83
28150002 AMORT ACUM INSTAL ALARMA	-302,98	-233,12	-163,26
28160001 AMORT ACUM MOBILIARIO OFICINAS	-8.597,25	-7.017,47	-5.437,69
28160002 AMORT ACUM 2 ENROLLABLES VEN	-261,94	-203,89	-145,84
28160003 AMORT ACUM., TELEFONO SPCTELEC	-34,69	-6,98	0
28170001 AMORT ACUM 2 ORD SOBREMESA	-998,00	-998,00	-998,00
28170002 AMORT ACUM ORD PORTATIL SONY	-799,00	-799,00	-799,00
28170003 AMORT ACUM MONITOR COMPAQ WF	-189,00	-189,00	-189,00
28170004 AMORT ACUM MALETIN PORTATIL	-34,90	-34,90	-34,90
28170005 AMORT.ACUMUL.CAMARA EOS 700+TA	-229,21	-85,71	0
28170006 AMORT ACUM., MICROFONO+TRIPODE	-44,50	-16,64	0
28170007 AMORT ACUM., TECLADO LOGITECH	-4,09	-1,50	0
B) ACTIVO CORRIENTE	5.130,60	4.040,18	10.548,83
III. Deudores comerciales y otras clas.a cobrar	2.692,58	1.720,64	210,87
43000007 ARCEA XESTION DE RECURSOS NATU	0	0	50,71
43000013 XUNTA DE GALICIA	2.662,00	1.130,12	0
43000024 SANTOS MARTINEZ, LUIS	30,58	0	0
47000000 HACIENDA PUB.DEUDORA POR IVA	0	0	160,16
47090000 HACIENDA PUB.DEUDORA DEV.IMP.	0	590,52	0
VII. Efectivo otros activos líquidos equivalentes	2.438,02	2.319,54	10.337,96
57000000 CAJA, EUROS	438,02	319,54	209,38
57200000 ABANCA CTA 3040007428	2.000,00	2.000,00	10.128,58
TOTAL ACTIVO (A + B)	394.014,90	401.621,88	415.756,49

MEMORIA ANUAL AÑO 2015

Balace de Situación

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA
 Período: de Enero a Diciembre
 Fecha: 29/02/2016

Pasivo	2015	2014	2013
A) PATRIMONIO NETO	39.671,99	34.047,88	42.349,46
A-1) Fondos propios	39.263,89	33.519,84	42.349,46
I. Dotación Fundacional/Fondo social	42.524,46	42.524,46	37.742,99
1. Dotación fundacional/Fondo social	42.524,46	42.524,46	37.742,99
10100000 FONDO SOCIAL	42.524,46	42.524,46	37.742,99
III. Excedentes de ejercicios anteriores	-9.004,62	0	0
12101400 RESULTADO NEGATIVO 2014	-9.004,62	0	0
IV. Excedente del ejercicio	5.744,05	-9.004,62	4.606,47
A-2) Subvenciones,donaciones legados recibidos	408,10	528,04	0
13010001 SUBVENCION FOENIA DIP.A CORUÑA	408,10	528,04	0
B) PASIVO NO CORRIENTE	323.744,84	336.920,98	349.733,71
II. Deudas a largo plazo	323.744,84	336.920,98	349.733,71
1. Deudas con entidades de crédito	323.744,84	336.920,98	349.733,71
17000001 ABANCA PTMO 452/00	323.744,84	336.920,98	349.733,71
C) PASIVO CORRIENTE	30.598,07	30.653,02	23.673,32
II. Deudas a corto plazo	16.589,76	14.953,13	12.459,34
1. Deudas con entidades de crédito	16.589,76	14.953,13	12.459,34
52000001 ABANCA PTMO 452/00	13.176,14	12.812,73	12.459,34
52010001 ABANCA P CTO 5500657530	3.413,62	2.140,40	0
V. Acreedores comerciales y otras ctas.a pagar	14.008,31	15.699,89	11.213,98
2. Otros acreedores	14.008,31	15.699,89	11.213,98
41000004 ESCARIZ FERNANDEZ, FERNANDO	0	200,00	200,00
41000011 CORREOS Y TELEGRAFOS S A	-21,84	0	0
41000016 ASESORIA COMPOSTELA S L	230,65	207,52	207,52
41000034 LANDEIRA LOPEZ, Mª DELIA	290,40	290,40	193,60
41000044 NEA F3 IBERICA S L	0	16,30	0
41000067 AUDITA 2 PRADILLA, S.L.P.	0	907,50	0
41000093 ESPIÑEIRA SOTO, INMACULADA	0	41,91	0
43800001 ANTICIPOS INSCRIPCIONES CURSOS	0	0	4.295,00
46500000 REMUN.PENDIENTES DE PAGO	7.512,32	8.988,09	0
47500000 HACIENDA PUB.ACREEDORA POR IVA	484,11	66,24	0
47510000 HACIENDA PUB.ACREE.RETEN.PRACT	2.741,53	3.218,96	2.840,36
47520000 HACIENDA PUB.ACREE.IMP.SOC.	975,50	0	1.740,37
47600000 ORG.DE LA SEG.SOCIAL,ACRE.	1.795,64	1.762,97	1.737,13
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)	394.014,90	401.621,88	415.756,49

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA

Período: de Enero a Diciembre

Fecha: 29/02/2016

Cuenta de Pérdidas y Ganancias	2015	2014	2013
A) EXCEDENTE DEL EJERCICIO	0	0	0
1. Ing.de la actividad propia	134.194,61	132.643,17	133.126,22
a) Cuotas de asociados y afiliados	127.582,33	127.143,28	131.220,74
72000001 INGRESOS CUOTAS COLEGIADOS	127.582,33	127.143,28	131.220,74
b) Aportaciones de usuarios	2.428,08	5.499,89	1.905,48
72100001 INGRESOS VISADOS-INSCRIPCIONES	199,64	144,08	115,53
72100002 INGRESOS POR CERTIFICADOS	33,64	37,92	19,80
72100003 INGRESOS POR COMPULSAS	4,80	18,60	15,15
72100004 INGRESOS INSCRIP CURSOS	1.785,00	4.840,00	1.180,00
72100005 INGRESOS ACTIV PROPIAS DIVERS	325,00	425,00	575,00
72100006 OTROS INGRESOS	80,00	34,29	0
e) Reintegro de ayudas y asignaciones	4.184,20	0	0
72800001 REINTEGRO GASTOS CONSEJO	4.184,20	0	0
2. Vtas y otros ingresos de la act mercantil	4.927,27	933,98	7.145,93
70500000 PRESTACIONES DE SERVICIOS	4.927,27	933,98	7.145,93
8. Gastos de personal	-75.515,88	-73.473,98	-73.252,80
64000000 SUELDOS Y SALARIOS	-57.695,72	-56.139,12	-55.960,80
64200000 SEG.SOCIAL EMPRESA	-17.820,16	-17.334,86	-17.292,00
9. Otros gastos de la actividad	-36.982,35	-48.561,40	-40.000,28
62200000 REPARACIONES Y CONSERVACIÓN	-258,59	-2.910,05	-50,14
62300000 SERVICIOS JURIDICOS	-2.988,13	-4.369,00	-2.910,65
62300001 SERVICIOS PROFESIONALES	-26,00	-160,39	-68,72
62300002 IMPARTICION DE CURSOS	-2.426,77	0	0
62400000 TRANSPORTES	0	-91,96	0
62500000 PRIMAS DE SEGUROS	-711,81	-863,42	-486,44
62600000 SERV.BANCARIOS Y SIMILARES	0	0	-52,00
62700000 PUBLI.PROPAGANDA Y RELAC.PUB.	-2.796,31	-888,40	-2.349,40
62800001 SUMINISTROS: AGUA-LIXO	-250,78	-249,30	-248,44
62800003 SUMINISTROS: ELECTRICIDAD	-1.260,68	-1.249,22	-1.055,29
62900000 OTROS SERVICIOS	-140,85	-327,11	-472,06
62900001 GASTOS CORREOS	-785,40	-469,22	-553,05
62900002 MATERIAL DE OFICINA	-197,84	-270,82	-388,72
62900003 COMUNICACIONES: TELEFONO	-983,34	-1.606,85	-1.797,05
62900004 CUOTAS ASOCIACIONES	0	-250,00	-930,00
62900005 SERVICIOS ASESORIA	-2.564,05	-2.553,16	-2.806,66
62900006 GASTOS FOTOCOPIAS	-235,56	-500,97	-219,69
62900008 SERVICIO DE LIMPIEZA	-1.161,60	-1.164,64	-1.235,51
62900009 SERVICIOS DE SEGURIDAD	-648,23	-820,88	-599,28
62900010 GASTOS CURSOS	0	-4.518,62	-1.089,17
62900012 CUOTA UNION PROF GALICIA	-750,00	0	0
62900013 TRANSF. A CONSEJO GRAL. COBS	-9.092,68	-16.307,66	-13.226,04
62900016 GASTOS JUNTA DE GOBIERNO	-1.363,45	-783,35	-1.531,31
62900017 MANTENIMIENTO PROG INF-WEB	-2.142,67	-1.742,40	-1.875,50
62900019 GASTOS COMUNIDAD PROPIETARIOS	-383,53	-445,83	-657,71
62900020 GASTOS DE VIAJES	-2.418,44	-1.388,53	-1.842,96
62900021 SERVICIOS DE AUDITORIA	-1.815,00	-1.815,00	-1.815,00
62900023 PLATAFORMA E-LEARNING	-665,23	-562,50	-562,50

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA
 Período: de Enero a Diciembre
 Fecha: 29/02/2016

Cuenta de Pérdidas y Ganancias		2015	2014	2013
62900024	SERV. PROTECCIÓN DE DATOS	0	0	-423,50
63100000	OTROS TRIBUTOS: IBI	-915,41	-1.039,44	-927,60
63100001	OTROS TRIBUTOS	0	-1.212,68	0
63400000	AJUST.NEGAT.IMPOSIC.INDIRECTA	0	0	174,11
10.	Amortización del inmovilizado	-8.697,40	-8.606,57	-8.704,14
68100000	AMORT.DEL INMOV.MATERIAL	-8.697,40	-8.606,57	-8.704,14
11.	Subv,donac,legados capital trasp al exced ej	119,94	71,64	0
74600000	SUBV.CAP.TRANSF.RDO.EJER.,PROC	119,94	71,64	0
A.1)	EXCED DE ACT (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	18.046,19	3.006,84	18.314,93
15.	Gastos financieros	-11.000,41	-11.975,44	-11.968,09
66230000	INTERESES PTMO ABANCA	-9.628,95	-9.982,34	-10.325,93
66230001	INTERESES CTA. CTE.	0	-25,43	0
66230002	INTERESES POLIZA CTO ABANCA	-299,44	-270,00	0
66500000	GASTOS GESTION RECIBOS	-936,55	-1.399,47	-1.433,98
66500001	GASTOS DEVOLUCION RECIBOS	-69,47	-168,37	-144,23
66900000	OTROS GASTOS FINANCIEROS	-66,00	-129,83	-63,95
A.2)	EXCED OP FINANCIERAS (14+15+16+17+18)	-11.000,41	-11.975,44	-11.968,09
A.3)	EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)	7.045,78	-8.968,60	6.346,84
18.	Impuestos sobre beneficios	-1.301,73	-36,02	-1.740,37
63000000	IMPUESTO CORRIENTE	-1.301,73	0	-1.740,37
63010000	IMPUESTO DIFERIDO	0	-36,02	0
A.4)	VAR.PATR NETO RECONOC EN EL EXCED EJ(A.3+18)	5.744,05	-9.004,62	4.606,47

14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.

MEMORIA ANUAL ANO 2015

CONCEPTO	IMPORTE (€)
- Cota inscripción licenciados antes de 1 ano	15,00
- Cota inscripción licenciados despois de 1 ano	35,00
- Cota semestral colexiación normal	51,50
- Cota semestral colexiación reducida	30,00
- Compulsas colexiados	0,15
- Compulsas non colexiados	0,60
- Visado colexial	Segundo o Regulamento de Visado
- Inscripción Rexistro traballos profesionais	0,1B (252,73 €) + IVE
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)	6,31

15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrución.

- Ao longo do ano 2015 non se produciron procedimientos informativos ou sancionadores.

16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.

- Ao longo de 2015 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.

- Estase a traballar no Borrador do código deontolóxico.

18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.

- Ao longo de 2015 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

19. Estatísticas colexiacións.

- En 2015 producíronse 42 altas (2 traslado, 11 cota tipo B, 29 cota tipo C) e 116 baixas (61 voluntarias, 51 por morosidade, 2 traslados, 2 falecementos). O activo a 31/XII/15 é de 1.280 colexiados.

20. Información estatística sobre a actividade de visado.

- En 2015 foron sometidos ao trámite de visado colexial un total de 4 memorias relacionadas con recursos mariños vivos, APPC e peritaxes xudiciais.

21. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

- En 2015 foron rexistrados un total de 3 traballos profesionais relacionados coa seguridade alimentaria.